


LETRAS NA ALMADRABA

Fotografías: Maribel Longueira



Foto: Martiño Cabana



Monte do Pindo

DARÍO XOHÁN CABANA

O escritor chairego Darío Xoán Cabana (Roás, 1952) é unha figura de ben recoñecido prestixio nas nosas letras. Académico da Galega desde Abril de 2006, tradutor excepcional para a nosa lingua do mellor da literatura renacentista italiana (Dante, Petrarca...) e poeta de longo alento (como poñen de manifesto o recompilatorio Vinte cadernos. 1969-2002 ou o recentísimo Cabalgada na brétema), cultiva preferentemente nos últimos tempos o xénero narrativo, con títulos como Galván en Saor, Fortunato de Trasmundi, Cerco de ferro, O cervo na torre, Morte de Rei e Mitos e memorias.

Da súa autoría é o relato que traemos a esta sección, tomándoo do libro Vidas senlleiras (Eds. Xerais, Vigo, 1992; 2ª ed., 2005), que mereceu no seu día o Premio 'Cidade de Lugo'.

Trátase dun fermoso e conmovente relato, ambientando en Quilmas (Carnota), en que se combinan a memoria do 36 e a dos traballos e angueiras das xentes do mar.

A Mariñeira de Quilmas

O 28 de xuño de 1936, María Expósito Regueira, natural e veciña de Quilmas, non puido ir votar polo Estatuto de Autonomía. Viñéranlle de madrugada as dores do parto, e non deu librado deica media mañá. Era a súa cuarta filla, e a terceira parición, pois na segunda saíranlle xemelgas dun ovo. En canto lle cortaron o embigo á nena, a María mandou o home a cumprir o seu deber cívico, laiándose de que as limitacións da condición feminina lle empecesen a ela contribuír co seu sufraxio á redención de Galicia como xa contribuíra, con voto e propaganda, ó triunfo da Fronte Popular o mes de febreiro.

O pai da criatura, Ceferino González Pampín, máis coñecido por *Pandullo*, non se atreveu a desobedecer. De volta das urnas, seguro da vitoria e feliz da súa potente paternidade, viña conversando con outro mariñeiro veciño, cenetista coma el, cando sentiu un runxido no medio dunha pradela. Agarrou un pandullo do carreiro, arrebolouno coa arte que segundo algúns lle gañara o alcume, e chegou á casa moi contento cun grolizo pazpallar para facer un caldo de parida.

Os días que seguiron, ademais de saír ó mar na súa gamela, o Ceferino dedicouse moito á caza de pazpallares para a muller, agora cunha escopeta de dous canos cos martelos por fóra, da que estaba moi orgulloso. Gozaba fama de gran tirador. Polo inverno, o que máis lle levaba a vida era andar ós



Cartaz de propaganda para o plebiscito estatutario de Xuño de 1936.

coellos polos penedos do Pindo, e gastaba aló moitas horas, quizabes non tan proveitosas, pero si máis gustosas cás da pesca, oficio que practicaba máis por necesidade ca por vocación.

A gamela herdáara de seu pai, con quen antes a tripulara. Morto o vello xa había ben anos, agora tiña que andar case sempre el só. A muller cultivaba un horteiro, levaba o peixe a vender, e coellos cando era o tempo, facía de comer e o traballo da casa, e atendía as fillas. Cando estaban casados de pouco e aínda non chegara a primoxénita, a María saíra con el á mar varias veces, primeiro por alongar namoros, e despois polo moito gusto que a ela lle daba. Algunhas veces chegaran a pensar que o home debiera quedar na casa e no monte e a muller meterse pescadora, por facer cada un o que lle reinaba; pero a pesar da ideoloxía libertaria que ambos e dous profesaban, non se atreveron a poñerse tan en contra da común opinión sobre a división do traballo entre os sexos.

A María era muller robusta e de bo parir, e axiña deixou a cama e volveu facer vida normal. A meniña levábaa canda ela a todos os sitios, para aleitala ás súas horas, pero as máis das veces tiñalla que deixar carrexar á filla máis vella, que xa empezaba a axudarlle algo e se estiraba canto máis podía nas zocas para amosar o grande que

era: tres meses despois de facer os cinco, dera en contestar sempre que tiña seis, e gustáballe moito que llo cresen.

Pero o sosego pouco durou. O día 19 de xullo, María Regueira volveu de vender o peixe máis cedo do que acostumaba. Sen dicir unha soa palabra, meteu no macuto militar do seu home mantas e provisiones, colgoulle ó lombo a escopeta e o morral de caza con toda a cartuchería, e mandouno subir á Moa e que se deixase estar aló arriba quietiño ata que ela o fose buscar. O Ceferino quixo opoñerse a tan grande tiranía, pero de pouco lle valeu.

A María sachaba na horta, atendía as fillas, e negábase a calquera comentario veciñal. De cada dous ou tres días, deixaba as pequenas ó coidado dunha veciña e subía as íngremes costas do Pindo para estar co home e levarlle tabaco e algo con que compangar os coellos que aló arriba asaba. Un día non o encontrou. Berrou por el, e só os ecos lle respondían. Brincando de pena en pena, acabou por encontralo deitado no fondo dun precipicio entre dúas laxes, coa escopeta ó carón. Xa empezaba a feder. Era noite pecha cando a María chegou á casa, as mans ensanguentadas, a escopeta disimulada baixo das saias. Escondeuna no liñeiro antes de entrar. As nenas choraban, e consolounas e díxolles que seu pai lles mandaba moitos bicos, e que axiña volvería. Ceferino González Pampín ficaba en terra no seu derradeiro chouto



Porto de Quilmas



O Pindo

de cazador, cuberto cun amilladoiro de pedras rosadas do magnífico monte que o acollera e o matara.

Mentres tanto, a barbarie perfeccionaba as súas redes, e o terror arreoaba as aldeas e as vilas coma un voitre. As gabias enchíanse de cadáveres, e o aire corrupto, coma un grande boi morto, paría falanxistas misérrimos. Os tricornios percorrían os camiños nas súas bicicletas, e entraron en Quilmas, e petaron á porta da casa do Pandullo.

- Vimos buscar o teu home.
- O meu home está de caza no monte. Ídeo procurar alá, se querés.

Os gardas entraron na casa de malos modos. As nenas maiores acurrunchábanse no recanto do barrelo.

- Outra vez estará.
- El se cadra non, pero eu si que estarén.
- Un respecto prá autoridá, ou vés canda nós.

Había unha fouce arrimada á porta. María Expósito achegouse a ela.

- Eu teño que manter as fillas. Se me querés levar entre a parexa, vinde tres. Porque un queda aquí.

Os gardas marcharon, coas bicicletas polo ramal. A María deixou a pequena máis vella ó cargo da casa e baixou á praia. A gamela aboiaba coa marea alta. Recolleu o rizón, vogou rabiosamente ata a súa empоста, cebou as nasas e botounas ó mar, que xa lle facía a súa reverencia ó sol.

Como non tiña familia de cerca, a María case non falaba con ninguén. De cada tres ou catro días facía un oco no traballo esgotador para subir ó Pindo, cunha morraleta chea que traía baleira ó volver. Pero xa había falacios. Un falanxista da aldea empezouna a molestar, e a roldar a casa de noite, coa pistola do novelargo ó cinto, facendo que lle gardaba a petada ó *Pandullo*.

María aguantou canto puido, pero as pequenas choraban polo que oían dicir. Unha noite de setembro, nubarenta e sen lúa, sentiuse un tiro de escopeta. Ningunha fiestra se alumeou, ningún veciño se atreveu a saír. Eran tempos de espanto.

Xunta a cancela de Cas Pandullo, o sol da mañá alumou o cadáver do falanxista local no medio dun mar de sangue mesturado coa merda que lle escoara das tripas. A pistola desaparecera, e na fronte, cravado cunha punta enferruxida, un papel avisaba con letra formada: **POR MOLESTAR A MIÑA MULLER. CEFERINO GONZÁLEZ PAMPÍN.**

O xuíz veu levantar o cadáver ás once pasadas, e tomoulle a declaración a María Expósito na súa propia casa, usando de toda cortesía. Ela dixo que sentira o tiro coma todos, e que non vira máis ca ninguén. Que o seu home non a viña ver á casa, e que se lle querían algo, que o fosen citar alá arriba.



Unha das covas que no Pindo serviron de agocho aos "fuxidos" do 36

Empezouse a correr que as subidas ó monte tiñan resultas, e que a María quedara preñada, e botábanse a ollo cálculos se estaría de catro meses ou de cinco, porque nin os que foran amigos dela e do home se atrevían agora a preguntarlle directamente. Mais non houbo moito tempo para especulacions. A María estivo dous días sen saír da casa, metida na cama para que as nenas non puidesen dicir nada, e cando saíu tiña a cintura tan delgada como adoitaba.



Porto do Pindo

Esto foi polo mes de febreiro de 1937. En marzo, o Axudante de Mariña mandouna chamar.

- Hai denuncias anónimas de que vosté anda ó mar. Non se pode andar ó mar sen estar enrolado.
- Pois enróleme logo.
- As mulleres non se poden enrolar. Non hai precedentes.
- Eu deso non lle entendo, señor. Será mellor que veña o meu home e explícallo a el. Pero terá que ser fóra de horas de oficina. Vosté xa saberá onde anda o meu home.
- Que ande el donde quiera, usté...

O sarxento de oficinas chamou á parte o seu superior xerárquico e díxolle unhas palabras en voz baixa.

- Bueno, bueno, a ver se o arranxamos en ben. E que eu acabo de chegar destinado, sabe, e aínda non estou moito ó tanto da xente. Xa me dixo aquí o suboficial que vosté ten que manter catro filliñas. Marche tranquila, e dígalle ó seu home que non fai falta que veña, que xa eu falarei cos denunciante anónimos. ¡Haille xente moi mala! Total, por uns peixes do mar. Se astra é unha caridá facer a vista gorda...

E a mariñeira de Quilmas seguiu indo ó mar con bastante fortuna. A filla máis vella empezou a encargarse de levar o peixe a vender, e o traballo, sendo aínda moito, facíase máis levadeiro. As viaxadas ó monte, os oportunos avultamentos de



Porto de Quilmas



barriga e os abortos ós catro ou cinco meses, quítanlle á xente os motivos para falar.

Acabou a guerra, e as fillas máis vellas empezaron a ir algo á escola, remudándose entre as tres para atender a cativa e vender o peixe. Ninguén as molestaba, nin sequera o crego. O crego era de malas pulgas, e non lle gustaba moito que non fosen á igrexa nin ó catecismo, pero non se atrevía a chamarlle a atención á mai. María, pola súa banda, foi espazando as subidas á montaña, e terminou indo só os domingos, mentres as veciñas andaban á misa.

- Arderalle menos alí - dicían as malas linguas. E tampouco non apareceu máis preñada. Deixou de botar tabaco no horteiro, e a xente pensou que o home se quitaría do vicio, ou que tería plantación aló arriba. O que máis estrañaba era que ninguén o vía nunca. Os outros escapados do Pindo non deixaran de todo a súa vida social, e algunhas noites de inverno baixaban de rúa a casas seguras, e falaban uns doutros e dos ranchos que aló arriba

facían. O Ceferino non. Nin os mesmos fuxidos o atopaban xamais por aqueles píncaros. Houbérase facer túzaro e senlleiro coma un xabaril.

O ano da grande fame, que foi o corenta e tres, comeuse moita sardiña enriba de coios, para que de lonxe parecese que había pan. Na casa da María, en comparanza, pasárono mellor ca moitos veciños que se tiñan por abastados. A mariñeira de Quilmas era amiga do mar, e o mar pagáballe ben a súa amizade.

Foi precisamente no corenta e tres cando se tivo que arrepoñer outra vez. A filla máis vella abrírase coma unha flor de cedo ós seus trece anos, e namoraba vela, descalza de pé e perna polos camiños e os areais. Un día, volveu de vender o peixe con cara de ter chorado. Súa mai mandou saír as pequenas, e aloumiñouna e porfioulle con moitas preguntas. A mociña impaba e calaba, pero acabou botándose a chorar coma unha madalena.

-¡É que me quixo foder o Bailarete!





O Bailarete era un labrador de cerca que nunca fora moi amigo do traballo. A mocidade botáraa vivindo á conta dos pais, que non eran mala xente, e armando quimera en festas e romarías, onde levara máis paus dos que quixera, anque non tantos como buscara. Cando os militares traizoaron a República, meteuse falanxe á primeira oportunidade que tivo, por andar de chulito. Dicíase que tiña máis de tres mortos sobre a conciencia, e ó pouco de acabar a guerra fora premiado cunha cartería rural, como daquela se adoitaba. María Expósito Regueira foino buscar á casa.


- Díxome a miña pequena que che metestes con ela.
- Pois inventouo, que eu non lle fixen nada. E cominco non che val poñerche así rufa, que eu ó teu home non lle teño medo. ¡Nunca cho vin de hai ben anos!
- Deixa o meu home onde está, que para esto non me fai falta. ¡Que eu saba que che me achegas outra vez á cativa, e córtoche a caralla! ¡Fillo de puta!

O Bailarete medio foi quitar o seu pistolín do peto, pero quedouse estarecido ó ver diante dos fuciños o temible ollo negro dun novelargo. Separou as mans do corpo e entrou para a casa tremendo. A mariñeira de Quilmas arrecoou cara á cancela, e en chegando a ela gardou o pistolón no refaixo e marchou sen mirar máis atrás.

Os fuxidos sobreviventes foran baixando e entregándose, sobre todo os que escaparan só por non iren á guerra. Dalgúns outros significados de esquerdas, sóbose que pasaran ó estranxeiro, ou que se uniran ás unidades guerrilleiras que operaban en distintas rexións de Galicia. Pero a María seguía subindo ó monte, aínda que ás veces deixaba algún domingo polo medio. Nin sequera na casa dicía palabra.

A gamela vella fora substituída por outra algo máis grande, e ás veces a mariñeira de Quilmas saía ó mar con algunha das fillas, mentres as outras gobernaban a casa e algunhas veigas que

Porto de Quilmas





arrendaran. As súas afortunadas pescarías permitíronlles botar unha planta nova, e a casa perdeu bastante en beleza, pero gañou moito en espazo e comodidade.

As xemelgas casaron fóra, e a pequena colleu mozo tamén. Pero a máis vella non mostrou nunca interese polo matrimonio, e seguiu vivindo con súa nai na casa renovada, que fora perdendo pouco a pouco o nome de Cas Pandullo. A Casa da Mariñeira lle chamaban agora, e desde Muros a Fisterra era famosa a vella que mandaba nela e nas súas chousas de mar.

Co casabé remangado, a saia refucida e o pano atado ó cachi-rulo, baixaba pola praia descalza, as dedas engarabitadas pola reuma e as friaxes, calcando firmemente as areas. Ó mellor, o sol brillaba nos rosados penedos da beira do mar, onde se estea a gloria do Pindo. A señora María recollía o cabo, apuxaba a gamela, pintada de verde e azul, aseguraba os remos ós toletes e vogaba firmemente cara ó Carrumeiro Grande no sosego da tarde.

O domingo seguinte ó casamento da filla máis nova, mandou recado a todas que viñeran á casa. Da vila do Pindo e de Quilmas, serpexaba pola estrada unha riola de mulleres cara á igrexa de San Mamede. María Expósito Regueira e mais as súas catro fillas contrariaban a corrente.

Subiron ó monte, glorioso baixo o sol de agosto, a vella agateñando diante, as mozas seguíndoas con moito traballo. Chegaron a unha laxe, e a Mariñeira de Quilmas acenou cara a un alto amilladoiro de pedras no fondo dun barranco.

- Aí enterrei a voso pai, fai hoxe vinte anos.

Ó día seguinte, a señora María vestiuse de loito, e non o volveu quitar máis. Hoxe xa ten bisnetos, e non lle fai falta, pero segue indo ó mar, e todos os primeiros domingos de mes ascende á montaña cunha morraleta cargada daquelas rosadas pedras funerarias.

© Texto: Edicións Xerais de Galicia

O Pindo

